



Vigo, 20 de abril de 2017

Estimados compañeiros/as:

Con motivo da conmemoración do día das familias o vindeiro día **15 de maio**, a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca, convoca o "I CONCURSO DE CARTEIS -DÍA DA FAMILIA, SOBRE CONCILIACIÓN LABORAL-FAMILIAR"

A convivencia familiar vese interrompida moitas veces polos poucos espazos no tempo dos que dispoñemos ao longo da xornada.

Son moitas interferencias coas que nos atopamos entorno á máquina do tempo. Partindo desta reflexión é polo que nos aventuramos a convocar esta iniciativa en formato de concurso.

Poderán participar todos os escolares de Infantil, Primaria e Secundaria dos centros públicos de Vigo co seu debuxo que entregarán na ANPA do seu centro que o selarán no momento da entrega e farán chegar á Federación antes do venres 12 de maio.

Agradecemos ás ANPAS que nos axudedes na difusión desta nova iniciativa que culminará cunha festa o martes 23 de maio onde se entregarán os premios, tal como refliten as bases que vos enviamos adxuntas.

A XUNTA DIRECTIVA DE FOANPAS



## “I CONCURSO DE CARTEIS DÍA DA FAMILIA”

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca - FOANPAS, convoca o “I CONCURSO DE CARTEIS DO DÍA DA FAMILIA”, que se rexirá coas seguintes

### **BASES:**

1. Poderán participar neste concurso tódolos/as nenos/as dos centros **públicos** de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria federados en FOANPAS.
2. Tratarase como tema, debuxar un reloxo do tempo no que se reflectan as actividades que realizamos en familia, tendo en conta o pouco tempo do que dispoñemos por mor dunha aínda escasa conciliación familiar.
3. A técnica do debuxo é libre, quedando a elección dos participantes, coa única limitación de tamaño, en folia A4 en “DIRECCIÓN VERTICAL”
4. No reverso do cartel, figurarán os datos persoais do/a autor/a, curso e Colexio ao que pertence, é imprescindible o carimbo da Anpa, que será a encargada de recoller os traballos e facelos chegar á Federación.
5. A data tope de presentación dos traballos será o: **venres 12 de maio**, sendo o lugar de presentación a sede de FOANPAS.
6. Todos os debuxos presentados estarán expostos ao público nas instalacións do IME dende **o día 15 ata o 31 de maio**.
7. Establécense os seguintes premios, **un por categoría: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria**.

PREMIO ..... Cofre vip experiencia familiar.

8. A entrega de premios farase o **martes 23 de maio**, onde o fallo do xurado calificador será anunciado nas instalacións do IME despois da realización dun evento lúdico-festivo para todos os cativos e cativas que participen cos seus traballos no certame.
9. FOANPAS resérvase o dereito sobre os debuxos gañadores para poder utilizalos noutras actividades e expoñelo nas redes sociais (Blog, Facebook...)
10. Os premios non serán canxeables polo seu importe en efectivo.